



Decreto de Alcaldía

Procedemento: Proxecto “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” nos Concellos 2022/2023 da provincia de Pontevedra no marco do programa Plan de Fomento da Empregabilidade

Nº Expediente: 1945/2022

Rematado o prazo presentación de solicitudes e de conformidade coa convocatoria convocatoria e bases da selección para a contratación laboral temporal en formación segudo o Plan de Fomento da Empregabilidade na provincia de Pontevedra “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” nos concellos 2022/2023, publicadas no BOPPO número 74 de data 19/04/22; e e ao abeiro da publicación da Deputación de Pontevedra o 30 de maio de 2022, no BOPPO num. 102, do acordo de “OUTORGAMENTO DA CONDICIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS DO PROXECTO “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” concedéndolle ao Concello do Porriño a subvención solicitada, por DECRETO 2022-1041, polo importe de 62.400€ para participar na selección como entidade colaboradora; e proceder á contratación formativa de 4 persoas desempregadas:

Servizo municipal de destino	Nº POSTOS	POSTO
Servizo de Urbanismo	1	Enxeñeiro/a técnico/a
Servizo de Persoal	1	Técnico/a de administración xeral
Servizo de Emprego e Formación	2	Técnico/a de inserción laboral

Considerando que quedou deserto o posto de Enxeñeiro/a técnico/a e que o mesmo podería ser substituído por un Técnico/a de administración xeral realizando unha modificación do perfil solicitado, para evitar a perda da subvención concedida pola Deputación para a contratación en formación de 4 persoas desempregadas.

Esta Alcaldía-presidencia, tendo en conta as bases da subvención concedida e de conformidade coas atribucións conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e o RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais,
DECRETA:

Primeiro: Aprobar a modificación do perfil dos postos de traballo como segue:

Servizo municipal de destino	Nº	POSTO
------------------------------	----	-------

Concello do Porriño





Concello do Porriño

	POSTOS	
Servizo de Urbanismo	1	Técnico/a de administración xeral
Servizo de Persoal	1	Técnico/a de administración xeral
Servizo de Emprego e Formación	2	Técnico/a de inserción laboral

Segundo: O técnico/a de administración xeral para o servizo de urbanismo será o segundo/a clasificado/a por orde decrecente de puntuación da lista resultante do Técnico/a de administración xeral do proceso selectivo para a contratación laboral temporal en formación segundo o Plan de Fomento da Empregabilidade na provincia de Pontevedra "PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL" nos concellos 2022/2023, publicadas no BOPPO número 74 de data 19/04/22.

Terceiro: Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e na páxina web municipal www.oporrino.org (sección PORREMPREGO).

O Alcalde. O Secretario xeral
Documento asinado dixitalmente na marxe

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 474RA92ZNXFC0MFP2ARPNXTM3K | Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2